6. De acordo co artigo 63 do Regulamento de execución 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante os controis administrativos realizados por persoal da Axencia Galega da Industria Forestal, os cales examinarán a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

a) O importe que vai pagar ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e a decisión de concesión.

b) O importe que vai pagar ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe fixado segundo a letra a) supera o importe fixado segundo a letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado segundo a le-



tra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

Porén, non se aplicarán sancións cando o beneficiario poida demostrar a satisfacción da autoridade competente que non é responsable da inclusión do importe non admisible ou cando a autoridade competente adquira doutro modo a convicción de que o beneficiario non é responsable disto.

7. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentada a xustificación dos traballos subvencionados, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a existencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador, segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. A non xustificación en prazo da primeira anualidade suporá a perda do dereito da segunda anualidade da subvención.

8. No caso de que se xustificasen investimentos por menor importe do aprobado, a axuda que se vai pagar será proporcional aos investimentos xustificadas, sempre que estes sexan susceptibles de avaliación independente e cumpran os fins previstos inicialmente.

9. No caso de apreciarse datos falseados, o expediente de que se trate quedará excluído da axuda e recuperaranse todos os importes que fosen aboados polo dito expediente.

10. Os pagamentos a conta adaptaranse ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os ditos pagamentos a conta, cando o importe da primeira anualidade supere os 18.000 euros, serán garantidos mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto na convocatoria. O referido aval depositarase á disposición da Axencia Galega da Industria Forestal na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e deberá cubrir o 110 % do importe a percibir na primeira anualidade da subvención. O certificado de depósito do aval presentarase na solicitude de cobramento da primeira anualidade xunto co resto da documentación, nos prazos que se establezan para a xustificación da primeira anualidade da subvención. Este certificado de depósito devolveráselle ao interesado unha vez se



comprobe, mediante inspección *in situ*, a realización material do obxecto da subvención, así como as restantes condicións da subvención. Estes avais poderán ser liberados no suposto de que se constitúan para pagamentos a conta correspondentes a fases ou partes do investimento susceptibles de avaliación independente e se comprobe a realización do investimento.

Artigo 19. *Modificación da resolución da axuda*

1. Se no transcurso da tramitación do expediente de axudas o solicitante precisara introducir modificacións no mesmo segundo o proxecto técnico, solicitará autorización da Axencia Galega da Industria Forestal, xustificando as razóns do cambio e acompañando a oportuna actualización do expediente que contemple as variacións do proxecto orixinal. O prazo para solicitar a modificación da resolución será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para a xustificación dos investimentos. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supor discriminación a terceiros e que non supoña a modificación da puntuación acadada pola aplicación dos criterios de selección.

A modificación realizarase mediante resolución da Dirección da Axencia Galega da Industria Forestal, logo de instrución do correspondente expediente de modificación e proposta motivada da Xerencia da Axencia Galega da Industria Forestal.

2. A modificación da resolución aprobatoria nos investimentos en obra civil estará suxeita ás seguintes condicións:

a) Non se admitirán modificacións que supoñan incrementos do importe do investimento subvencionable.

b) Será admisible a redución do importe total do investimento considerado como subvencionable na resolución de concesión se non supera o 40 % do seu valor.

c) Non se admitirán modificacións que supoñan incrementos do custo unitario dos conceptos e elementos subvencionados.

d) Non se admitirán modificacións que supoñan o cambio de localización dos investimentos aprobados.



3. No caso de maquinaria só se admitirán modificacións que sexan entre equipos que teñan a mesma puntuación no baremo, de acordo co artigo 7.1.a), e que estean na mesma epígrafe do dito artigo.

Artigo 20. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión, para o cal achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 6.2 desta resolución.

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ás axudas solicitadas ao abeiro desta resolución, onde se constatará o investimento efectivamente pagado antes do remate do prazo de execución.

g) O beneficiario non poderá substituír os equipos subvencionados anteriormente polos equipos obxecto de axuda e deberá manter os investimentos subvencionados e os



requisitos que condicionaron a obtención da axuda, durante un período mínimo de 5 anos, contado desde a data do último pagamento da axuda.

h) En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para ao cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

i) Os beneficiarios de axudas comprométese a proporcionar á autoridade de xestión do Programa de desenvolvemento rural, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegase a realización de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa.

2. O incumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as indicadas na resolución de concesión de axuda, así como o encontrarse nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ocasionará a perda de dereito á axuda.

Artigo 21. *Reintegro*

1. A axuda reintegrarase, se fose o caso, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

En xeral:

a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Por incumprimento das disposicións legais de aplicación, ocultar ou falsear datos ou destinar as axudas a fins distintos aos sinalados na solicitude.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, segundo o establecido nesta resolución, na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables rexistradas ou de conservación de documen-



tos, cando signifique a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade remitidas de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

f) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

g) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda.

h) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

i) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

j) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta resolución.

k) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta resolución que impliquen obrigas por parte do beneficiario.

Nestes supostos, a Axencia Galega da Industria Forestal reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora que se calcularán conforme a normativa vixente, en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación que non poderá fixarse en máis de 60 días e a data de reembolso ou dedución, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaránse todos os importes que fosen aboados polo devandito expediente. Ademais, o beneficia-



rio quedará excluído da axuda para a medida en cuestión durante o exercicio do Feader de que se trate e durante o exercicio do Feader seguinte.

1) Así mesmo, se no caso de que nos controis administrativos sobre a solicitude de pagamento, controis sobre o terreo e *a posteriori* nos cinco anos posteriores ao pagamento da axuda se verifica que non se cumpren as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes e non se acada a puntuación mínima exixida para esa aprobación, suporá un incumprimento dos compromisos da aprobación e igualmente levará como consecuencia á perda do dereito ou ao reintegro da axuda.

2. Naqueles supostos nos cales o importe das axudas recibidas polo beneficiario excedan os custos da actividade, procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

3. No caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao que se engadirá, se é o caso, os xuros conforme o disposto no artigo 7 apartado 2 do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario, indicado na orde de recuperación, que non poderá superar os 60 días e a data de reembolso ou dedución.

4. O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano concedente destas, e comunicarse ao beneficiario a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.

5. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa.

6. Contra as resolucións de reintegro, que poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento contado desde o día seguinte no que se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o director da Axencia Galega da Industria Forestal, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.



Artigo 22. Controis

1. A Axencia Galega da Industria Forestal realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. O beneficiario comprométese a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a Axencia Galega da Industria Forestal, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás instancias comunitarias de control derivadas da aplicación dos regulamentos de execución (UE) nº 808/2014 e 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

3. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta resolución e non se poderá efectuar ningún pagamento sen que antes se realizasen os controis establecidos no punto 4 deste artigo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

4. A Axencia Galega da Industria Forestal, ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, realizará controis administrativos de todas as solicitudes de axuda e de pagamento con respecto a todos os aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude, así como controis sobre o terreo antes do pagamento final dunha mostra que represente ao menos o 5 % do gasto público de cada ano civil, así como a posibilidade, se é o caso, de sometemento a controis *a posteriori* dada a posibilidade de realizar actividades de investimento.

5. Respecto das facturas pro forma a que se fai referencia no artigo 10, e de acordo co artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os provedores desas ofertas estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, e nomeadamente, a necesaria para verificar a posible vinculación entre eses provedores.



6. Así mesmo, os controis administrativos sobre os proxectos, facturas pro forma ou similares a que se fai referencia no artigo 10 incluírán a comprobación sobre da moderación de custos de acordo co indicado no artigo 48 do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Artigo 23. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións, será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade e no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, a Axencia Galega da Industria Forestal publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puideren impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 25. *Medidas informativas e publicitarias*

1. Conforme o establecido no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, do 17 de xullo, modificado polo Regulamento de execución (UE) nº 669/2016, do 28 de abril, os beneficiarios das axudas deberán cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader. En particular, no caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 euros, deberán colocar polo menos un panel (dun tamaño mínimo A3) ou unha placa con información sobre o proxecto, co deseño que figura no anexo XIV desta resolución, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión e o lema «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural», nun lugar ben visible para o público. De acordo coa Estratexia de Información e Publicidade que desenvolve o que establece no Regulamento (UE) nº 808/2014, cando o obxecto da axuda sexa maquinaria, equipamento informático, de telecomunicacións ou calquera outro ben no que, pola súa estrutura ou tamaño, non sexa posible identificar unha situación adecuada, o cartel ou placa poderá ser substituído por un adhesivo ou impresión no que, polo menos, figure a bandeira da UE, o fondo e o lema.

2. No caso de que na realización dun control *a posteriori*, que se efectuará nos cinco anos posteriores ao pagamento final da axuda concedida, se verifique o incumprimento do establecido no punto 1 deste artigo, procederase á solicitude de reintegro da axuda concedida.

CAPÍTULO II

Convocatoria de axudas para 2018

Artigo 26. *Convocatoria*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2018 as axudas reguladas por esta resolución. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas, con carácter xeral, nos artigos anteriores.



Artigo 27. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Artigo 28. Prazo de xustificación

1. O prazo de xustificación será para a anualidade do 2018, ata o 15 de outubro de 2018 inclusive, e para a anualidade do 2019 ata o 15 de marzo de 2019. Así mesmo, terase en conta que as cantidades non xustificadas polos beneficiarios na anualidade de 2018 se poderán computar e xustificar na anualidade 2019, sempre e cando non fosen susceptibles de perda de dereito ao seu cobramento.

2. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un mes antes de que acabe o prazo de execución. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

Artigo 29. Financiamento

1. As axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A4.741A.770.0, código de proxecto 2018 00009, con 5.446.125 euros para o ano 2018 e 2.723.063 euros para o ano 2019.

2. Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

3. A Axencia Galega da Industria Forestal poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta resolución, cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.



O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

4. Estas axudas financiaranse con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación e Medio Ambiente do 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

Disposición adicional primeira. *Compatibilidade das axudas*

As axudas serán compatibles con outras que non teñan fondos da Unión Europea ata o máximo de axuda global admisible de acordo co artigo 8 do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión. En todo caso, o importe resultante da acumulación non poderá superar a intensidade máxima de axuda sinalada no anexo II do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Disposición adicional segunda. *Outras regulamentacións*

No non previsto nesta resolución observárase o disposto no Regulamento (UE) nº 1305/2013, no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, no Regulamento delegado (UE) nº 640/2014, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, teranse en conta as circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria 22/2015, relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado de xestión e control (https://www.fega.es/es/PwfGcp/es/_includes/_tcmLinkFilter-dotjspyquesttcmUriyequal51626#), e 32/2017, que establece os criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014/2020 (<https://www.fega.es/es/node/46748#>).

Disposición adicional terceira. *Base de datos nacional de subvencións (BDNS)*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.



Disposición adicional cuarta. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.gal.

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través de correo electrónico dirixido a dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Axencia Galega da Industria Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

José Ignacio Lema Piñeiro
Director da Axencia Galega da Industria Forestal




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS FORESTAIS, PROCESAMENTO, MOBILIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN500A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
CONTÍA DOS INVESTIMENTOS EN ACTIVOS FIXOS MATERIAIS	CONTÍA DOS INVESTIMENTOS EN PLANS E FERRAMENTAS DE XESTIÓN EMPRESARIAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>
INDICAR SE ALGÚN DOS INVESTIMENTOS PARA OS CALES SOLICITA A SUBVENCIÓN É UNHA SUBSTITUCIÓN DUN EQUIPAMENTO DA EMPRESA	
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
INDICAR SE SOLICITA INSPECCIÓN DE NON INICIO PARA ALGÚN DOS INVESTIMENTOS PARA OS CALES SOLICITA A SUBVENCIÓN	
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Declaro, así mesmo, coñecer a compatibilidade desta liña de axudas con outras que non teñan fondos da Unión Europea, de acordo co límite do custo subvencionable establecido no artigo 8 do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, e no anexo II do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que está ao día no pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que esta empresa non está en crise de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
7. Que a dita empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da comisión que declárase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
8. Que a empresa non está inmersa nun concurso de acredores.
9. Que esta empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.
10. Que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

ACTUALMENTE			AO FINAL DO INVESTIMENTO (previsión)		
AUTÓNOMOS	FIXOS	TEMPORAIS	AUTÓNOMOS	FIXOS	TEMPORAIS

Se a subvención supera os 60.102 euros, comprométo-me a manter a porcentaxe mínima do 33 % de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido.

11. Que o número de postos de traballo fixos na empresa de persoas menores de 25 anos, mulleres ou persoas con discapacidade ou outros colectivos en risco de exclusión social é de .
12. Que esta empresa posúe maquinaria de saca en propiedade ou, de non ser así, que me comprometo a que a vai posuír no momento da solicitude de cobramento da subvención (só no caso de solicitar subvención para maquinaria que a teña supeditada a que a empresa teña maquinaria de saca en propiedade).
13. Que ningún dos investimentos para os cales se solicita subvención ao abeiro desta resolución vai dar lugar a un produto de consumo final.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso, presumirase que a consulta é autorizada)

- Documentación xustificativa de acreditación de capacidade de representación da empresa, se é o caso.
- Contratos, orzamentos ou facturas pro forma (segundo sexa o caso) dos investimentos previstos.
- Anexos V.1, V.2 e V.3- Certificación da condición de peme, segundo proceda.
- Anexo VI - Memoria.
- Anexo VII - Ficha cos datos da empresa.
- Copia do último imposto de sociedades.
- Copia da vida laboral dos réximes xeral e agrario ou certificado da Seguridade Social de non ter traballadores nos ditos réximes.
- Copia do último recibo de autónomos.
- Copia da póliza e recibo actualizado do seguro de responsabilidade civil.
- Copia do contrato do servizo de prevención de riscos laborais e recibo actualizado.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

Documentación xustificativa da viabilidade da empresa:

- Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70 % do importe deste.
- Ventas por importe superior ao triplo do investimento (no imposto de sociedades ou declaración anual do IRPF, segundo proceda, ou na declaración anual do IVE).
- Amortizacións máis beneficios superior á sexta parte dos investimentos (no imposto de sociedades ou declaración anual do IRPF, segundo proceda, ou na declaración anual do IVE).
- Contratos de venda ou prestación de servizos por importe superior ao investimento.
- Estudio de viabilidade asinado por profesional cualificado.

Para investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial:

- Memoria asinada detallada do contido que se vai desenvolver.

Para parques intermedios:

- Plano asinado.
- Comunicación previa no concello.

Para investimentos en empresas de primeira transformación de madeira ou outros produtos forestais:

- Planos de localización.
- Planos de planta.
- Solicitud de licenza de obra ou comunicación previa no concello para os investimentos que así o requiren.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da presentación no concello da comunicación previa de inicio de actividade ou apertura do establecemento ou licenza de actividade, só para os investimentos en empresas de primeira transformación de madeira ou outros produtos forestais.			

Para substitucións de investimentos:

- Memoria razoada da necesidade e os beneficios esperados pola substitución, incluíndo unha valoración económica do equipamento substituído.

No caso de empresas vinculadas ou asociadas coa empresa solicitante:

- Copia das contas anuais do último exercicio pechado de cada unha delas e vida laboral de cada unha.
- Vida laboral dos doce meses anteriores á data de publicación da convocatoria na que solicite a axuda, tanto para o réxime xeral como para o agrario. No caso de que ningún dos réximes non teña traballadores, debe presentar certificado da Seguridade Social de non ter traballadores no dito réxime.

De ser empresa de nova creación:

- Escritura de constitución.
- Documentación oficial xustificativa.

No caso de realizar investimentos en proxectos innovadores:

- Memoria xustificativa da condición de proxecto innovador.
- Documentación xustificativa de ter xerente na empresa menor de 55 anos, se é o caso.
- Documentación xustificativa de ter descendentes en activo do xerente na empresa, se é o caso.
- Documentación xustificativa de ter muller xerente na empresa, se é o caso.
- Anexo XII, se é o caso.
- Importe dos contratos de saca ou servizo e documentación xustificativa, se é o caso.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN DAS ACCIÓNS DE INCREMENTO DA PUNTUACIÓN NO BAREMO (DOCUMENTACIÓN NON OBRIGATORIA)

<input type="checkbox"/>	Contrato e recibo actualizado de externalización das garantías dos traballadores.			
No caso de pertencer a asociación profesional do sector:				
<input type="checkbox"/>	Recibo de pagamento da cota.			
<input type="checkbox"/>	Certificado xustificativo de pertencer á asociación.			
<input type="checkbox"/>	Compromiso de creación de posto de traballo fixo.			
<input type="checkbox"/>	Compromiso de creación de posto de traballo fixo para mulleres, menores de 25 anos, persoas con discapacidade ou outros colectivos en risco de pobreza ou exclusión social.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Cursos de formación.			
<input type="checkbox"/>	Xustificación de ter a cadea de custodia certificada.			
<input type="checkbox"/>	Xustificación de ter un plan de control de calidade ou mellora da xestión certificado.			
De ser empresa de comercialización conxunta:				
<input type="checkbox"/>	Escritura de constitución.			
<input type="checkbox"/>	Copia do modelo 347 presentado do último ano pechado.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> IRPF da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Alta no IAE ou certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas obrigas tributarias.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación da Seguridade Social de estar ao día nas obrigas tributarias.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación da Consellería de Facenda de estar ao día nas obrigas tributarias.	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a loplindustria@xunta.gal

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través de correo electrónico dirixido a dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 12 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2018 as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, ____ de _____ de _____



Axencia Galega da Industria Forestal



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



ANEXO II**Accións para incrementar a puntuación no baremo**

Accións que incrementan a puntuación no baremo	Puntos
Por cada curso de formación específico da actividade forestal cunha duración mínima de 20 horas, realizado por traballadores da empresa desde o 1.1.2015 (máximo 2 cursos)	1
Por dispor de contrato de externalización das garantías dos traballadores	1
Por pertenza a asociación profesional do sector	1
Empresas coa cadea de custodia certificada nos últimos cinco anos ou con certificación anterior a cinco anos e que acheguen actualización da certificación	2
Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial certificado por auditor autorizado	1
Empresas de comercialización conxunta	2
Por cada posto de traballo fixo creado ou convertido de eventual a fixo, ata un máximo de 2	1
Por cada posto de traballo fixo creado ou convertido de eventual a fixo, para mulleres, persoas de idade inferior a 25 anos, persoas con discapacidade ou outros colectivos en risco de pobreza ou exclusión social, ata un máximo de 2	2

Os cursos de formación deberán ter un recoñecemento oficial. Non se contabilizarán os propios dos plans de seguridade laboral. Os cursos valorarase independentemente do número de traballadores que o realizen. Para valorar os cursos de formación aínda non realizados, deberase achegar un compromiso mediante declaración xurada, acompañado de informe favorable da asociación sectorial ou organismo capacitado para a realización do curso. Os traballadores deberán estar en activo na empresa.

As empresas de nova creación achegar compromiso de realización das accións.

Plans de adaptación á cadea de custodia e de mellora da xestión empresarial: no momento da solicitude abondará contrato ou orzamento comercial da acción e memoria en detalle do contido que se vai desenvolver.

Só puntuará a creación dos postos de traballo fixos na empresa ou a conversión de eventual a fixo que se faga a partir da data de publicación da resolución. Para a súa valoración, poderase presentar un compromiso mediante declaración xurada.

Todas as accións serán comprobadas na inspección final, analizando se efectivamente foron incorporadas ao funcionamento normal da empresa.



ANEXO III
Zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas -artigo 32.1.a) e 1.b) do Regulamento (UE) nº 1305/2013-
A Coruña

Abegondo
 Ames
 Aranga
 Ares
 Arzúa
 Bergondo
 Betanzos
 Boimorto
 Boiro
 Boqueixón
 Brión
 Cabanas
 Camariñas
 Cambre
 A Capela
 Carballo
 Carnota
 Carral
 Cedeira
 Cee
 Cerceda
 Cerdido
 Coirós
 Corcubión
 A Coruña
 Culleredo
 Curtis
 Dodro
 Dumbriá
 Fene
 Ferrol
 Fisterra
 Frades
 Irixoa
 Laxe
 A Laracha
 Lousame
 Mañón
 Mazaricos
 Melide
 Mesía
 Miño
 Moeche
 Monfero
 Mugardos
 Muxía
 Muros
 Narón
 Neda
 Negreira
 Noia
 Oleiros
 Ordes
 Oroso
 Ortigueira
 Outes
 Paderne
 Padrón
 O Pino

A Pobra do Caramiñal
 Pontedeume
 As Pontes de García Rodríguez
 Porto do Son
 Rianxo
 Ribeira
 Rois
 San Sadurniño
 Santiago de Compostela
 Santiso
 Sobrado
 As Somozas
 Teo
 Toques
 Tordoia
 Touro
 Trazo
 Valdoviño
 Vedra
 Vilasantar
 Vilarmaior
 Cariño
 Oza-Cesuras

Lugo

Abadín
 Alfoz
 Antas de Ulla
 Baleira
 Barreiros
 Becerreá
 Begonte
 Bóveda
 Carballedo
 Castro de Rei
 Castroverde
 Cervantes
 Cervo
 O Corgo
 Cospeito
 Chantada
 Folgoso do Courel
 A Fonsagrada
 Foz
 Friol
 Xermade
 Guitiriz
 Guntín
 O Incio
 Xove
 Lánchara
 Lourenzá
 Lugo
 Meira
 Mondoñedo
 Monforte de Lemos
 Monterroso
 Muras
 Navia de Suarna
 Negreira de Muñiz

As Nogais
 Oourol
 Outeiro de Rei
 Palas de Rei
 Pantón
 Paradela
 O Páramo
 A Pastoriza
 Pedrafita do Cebreiro
 Pol
 A Pobra do Brollón
 A Pontenova
 Portomarín
 Quiroga
 Ribadeo
 Ribas de Sil
 Ribeira de Piquín
 Riotorto
 Samos
 Sarria
 O Saviñao
 Sober
 Taboada
 Trabada
 Triacastela
 O Valadouro
 O Vicedo
 Vilalba
 Viveiro
 Baralla
 Burela

Ourense

Allariz
 Amoeiro
 A Arnoia
 Avión
 Baltar
 Bande
 Baños de Molgas
 Barbadás
 O Barco de Valdeorras
 Beade
 Beariz
 Os Blancos
 Boborás
 A Bola
 O Bolo
 Calvos de Randín
 Carballeda de Valdeorras
 O Carballiño
 Cartelle
 Castrelo do Val
 Castrelo de Miño
 Castro Caldelas
 Celanova
 Cenlle
 Coles
 Cortegada
 Cualedro
 Chandrexa de Queixa



Entrimo
Esgos
Gomesende
A Gudiña
O Irixo
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Maceda
Manzaneda
Maside
Melón
A Merca
A Mezquita
Montederramo
Monterrei
Muíños
Nogueira de Ramuín
Oímbra
Ourense
Paderne de Allariz
Padrenda
Parada de Sil
O Pereiro de Aguiar
A Peroxa
Petín
Piñor
Porqueira
A Pobra de Trives
Pontedevea
Punxín
Quintela de Leirado
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia

San Xoán de Río
Riós
A Rúa
Rubiá
San Amaro
San Cristovo
Sandiás
Taboadela
A Teixeira
Toén
Trasmiras
A Veiga
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilardevós
Vilaríño de Conso
Xinzo da Limia

Pontevedra

Arbo
Barro
Baiona
Bueu
Caldas de Reis
Cambados
Campo Lameiro
Cangas
A Cañiza
Covelo
Crecente
Cuntis
Dozón
A Estrada
Forcarei
Fornelos de Montes

Agolada
Gondomar
O Grove
A Guarda
Lalín
A Lama
Marín
Meaño
Meis
Moaña
Mondariz
Moraña
Mos
As Neves
Nigrán
Oia
Pazos de Borbén
Pontevedra
O Porriño
Portas
Poio
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Redondela
Ribadumia
Rodeiro
